

Presentación

O Conservatorio Profesional de Música “Xan Viaño” está ubicado na cidade de Ferrol, que ten unha poboación en torno os 70.000 habitantes, e situado, máis concretamente, no barrio de Caranza. O noso centro é un dos tres que existen na provincia da Coruña (ademáis de existir un en Coruña e outro en Santiago) e dos sete existentes na Comunidade Autónoma Galega.

O Centro ten un alumnado en torno aos 500 alumnos e 52 profesores que imparten case todas as especialidades instrumentais. As ensinanzas musicais en Centros coma o noso están divididas do seguinte xeito:

Grao Elemental dividido en catro cursos

Grao Profesional dividido en seis cursos

Para poder acceder ao Grao Elemental e Profesional deberán realizar unha proba de Acceso con contidos adaptados a cada nivel, de igual xeito que para calquera curso de cada un dos diferentes niveis dentro de cada Grao.

As idades dos nosos alumnos van dende os 7-8 anos ata os 18, existindo casos nos que poden superar esa idade por diferentes motivos. O horario de clase é básicamente de tarde, dende as 15:00 ata as 22:00, existindo casos nos que algún alumno pode vir pola mañá, sempre e cando o profesor teña esa posibilidade. Dito horario é deste xeito, xa que os nosos alumnos compatibilizan os estudos musicais cos do colexio ou instituto, na meirande parte dos casos, sendo estes obrigatorios para a adquisición do título ao final do Grao Profesional.

Como debe funcionar a biblioteca dun CMUS,

A nosa Biblioteca leva o nome do intelectual galego José Fontenla Leal, aprobado en Claustro.

A nosa Biblioteca xurde pola iniciativa do Equipo Directivo fai uns oito ou nove anos para cubrir unha serie de necesidades importantes para un centro tan específico como o noso. Este feotp fai posible que se mellorase o seu servizo en aspectos como a adquisición e centralización dos fondos, accesibilidade documental, existencia dun espazo onde poidan realizar outro tipo de actividades (visionado de videos, audicións...)... Na actualidade a Biblioteca dispón de cerca de 4800 fondos catalogados, sendo cerca dun 85 %, partituras musicais.

Para entender o funcionamento básico da Biblioteca, podémolo ver dende dous puntos de vista: un organizativo, do Equipo Directivo e o Claustro de Profesores e outro dende o punto de vista dos usuarios.

A principios de curso o Equipo Directivo nomea a un Coordinador da Biblioteca que, no noso caso, é un funcionario de carreira para darlle tempo a asimilar coñecementos de todo

tipo e así poida darlle estabilidade a súa xestión, ademáis de conlevar unha serie de responsabilidades. Entre Xefatura de Estudos e o Coordinador, unha vez vistas as necesidades do Centro, cúbrense as “gardas” de Biblioteca con aqueles profesores que teñen dispoñibilidade, feito que durante os derradeiros anos, é cada vez máis difícil pola redución de profesorado. A función deste profesorado é a de estar na Biblioteca e realizar o empréstimo/devolución dos fondos, ordear estanterías, axudar ao alumnado na búsqueda de información...

Os potenciais usuarios son principalmente os alumnos e profesores, que poden solicitar un carné por medio dunha instancia que deben cubrir cunha serie de datos básicos (foto, nome, apelidos, dirección...) e co cal se lle pode emprestar un máximo de tres libros durante un tempo máximo de tres días, tempo que é certamente breve, pero, que dado a gran demanda de libros, non se pode alargar máis, aínda que si non hai lista de espera, non hai problema en prorrogar o empréstimo.

Qué demandan os nosos usuarios,

Os NOSOS Centros son moi especiais por diferentes motivos. No noso caso, un deles é o tipo de fondos que nos demandan profesores e alumnos do noso Centro: principalmente piden acceso a partituras, xa que o seu acceso é difícil pola ausencia de tendas especializadas e nalgúns casos, algún libros son certamente costosos (máis ca situación actual e na zoa tan depresiva respecto ao emprego na que se atopa Ferrol); é por iso polo que adquirimos partituras. A búsqueda de audios ou videos cas tecnoloxías que existen hoxe (internet: Spotify, youtube...) non son unha necesidade. De xeito paralelo, poñemos a disposición dos usuarios de ordenadores para a búsqueda de información na rede, pensando nas diferentes situación persoais que poidan existir, máxime ca realidade actual na que nos atopamos.

Como apoia a biblioteca o currículo do noso centro e atende a toda a comunidade educativa,

O acceso a Biblioteca poden ter acceso alumnos e profesores en horario de tarde (15:00 a 22:00 de xeito xeral), aínda que algunhas mañás está a disposición daqueles usuarios que así o desexen (hai horario de mañá os vernos e aqueles días que o soliciten con tempo a Secretaria do Centro e sempre e cando exista unha persoa que poida abrir a Biblioteca).

A Biblioteca está presente no currículo de moitas asignaturas do noso Centro, interactuando con ela e incluso realizando actividades dentro da mesma: un exemplo pode ser á de Historia da Música ou Análise Musical.

Pais, nais e persoas alleas a comunidade educativa deben pedir unha autorización a Secretaria do Centro para acceder á mesma, permiso que nunca hai problema por concedelo.

Existen casos de usuarios que aparecen sin previo aviso no noso Centro para a utilización da Biblioteca con fines diversos: investigación, búsqueda de fondos... e trátase de darlle solución.

Como imos creando a biblioteca que necesitamos,

Tratamos, dende hai anos, de dar solucións aos nosos usuarios, a través das necesidades que vemos e nos notifican: adquisición de fondos, actividades... A Biblioteca consideramos que debe ser un espazo de búsqueda, reunión, debate... que sempre está aberto a todos aqueles que así o solicitan.

A principios de curso, nos fan chegar os Xefes de Departamento as necesidades de fondos; a Secretaria e o Coordinador de Biblioteca ven as diferentes peticións e considerando os fondos existentes nas diferentes asignaturas, material adquirido anos anteriores, número de usuarios ao que pode afectar... decídese o que se mercará. Pode xurdir máis material ao longo do curso, e ditas necesidades, peticións... coñecémolas polas notificacións que nos fan saber (de xeito verbal ou escrito).

Cómo damos resposta ás necesidades dun conservatorio e a posible problemática

Polo dito anteriormente, a nosa Biblioteca cubre moitos vacíos nunha comarca con ausencia de centros ou lugares onde poder consultar e/ou obter información sobre o mundo musical. Certo é que vemos as nosas Bibliotecas como fonte, case exclusiva, de información, dado entre outros motivos o feito de que as nosas ensinanzas non son obrigatorias e dada a carga lectiva dos nosos alumnos (usuarios fundamentais) fai que éstes traten de estar o mínimo tempo posible. Tratamos de realizar diferentes actividades que teñen máis ou menos éxito (trivial musical, visionado decurtametraxes ou películas cunha determinada temática musical...) pero a miña experiencia e que é moi difícil "imitar" aos nosos colegas de secundaria, por exemplo, que con tanta envexa admiro cando veño a estas Xornadas e, sobre todo, cando contan as súas experiencias.

Considero que parte da nosa función dende a Biblioteca estase a cumprir pero quereda aproveitar a ocasión para amosar a miña esperanza de que algún día o sistema educativo evolucione cara modelos máis europeos, con máis especialización, máis atención e máis fondos... para poder atender aos nosos alumnos e a nosa comunidade educativa, en xeral.